




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Vilagarcía de Arousa no seu maior parte, e unha franxa occidental en Vilanova de Arousa. Parroquias: San Martiño de Sobrán e San Martiño de Fóra de Sobrán en Vilagarcía de Arousa; e Santa María de Caleiro en Vilanova de Arousa. Extensión: 2,6km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Pequena enseada con chaira intermareal de depósitos areoso-lamacentos no seu interior froito da dinámica sedimentaria fluvio-mariña. O contacto coa masa continental establécese a través de microacantilados rochosos. A vertente presenta un perfil aplanado que cara á cabeceira faise máis irregular e ondulado, xa que a paisaxe aparece salpicada de pequenas elevacións a modo de relevos residuais graníticos. No extremo suroriental sitúase a cabeceira da conca do regato de Rial, que ten o seu punto culminante a máis de 200m snm, no Alto de Renza.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade está dominada por Granodioritas biotíticas do tipo Caldas de Reis con anfíbol, de Idade tardihercínica; aínda que no centro, seguindo o val do regato do Rial, atópanse materiais sedimentarios cuaternarios. Ademais, nunha pequena área do extremo noroccidental, atópanse sedimentos datados no Pleistoceno.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media rolda os 13°C. As precipitacións rexistradas alcanzan máximos acumulados de 1400mm e non adoitan baixar de 1200mm ao ano.

#### OS SOLOS

Pequena unidade con solos pouco evolucionados na súa cabeceira, do tipo leptosol lítico. Na vertente fórmanse umbrisois dístrico-lépticos e na parte inferior do val de Rial desenvólvense os solos máis profundos e fértiles, fundamentalmente cambisois dístricos. Por último destacar a presenza de incipientes solos costeiros, fluvisois sálicos e tiónicos e lodos de tipo sapropel, asociados aos procesos de sedimentación fluvio-mariña na enseada propiamente dita.


#### AS AUGAS

O val do regato do Rial ábrese ás Augas Costeiras 20160 a través da Enseada de Rial. Este río canaliza a auga de escorrentía de toda a unidade.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de estuario intensamente ocupada na que destacan, na fronte costeira, os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais. tamén aparece unha pequena marisma (grupo 13), no fondo do seo. A nivel continental áreas forestais de eucaliptal, ademais dunha intensa ocupación agrícola e urbanística reducen a tala dos bosques ripícolas (91E0) e das frondosas de recolonización. Os bosquetes concéntranse no Rego do Rial.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O espazo agrícola, tanto de consumibles directos como de indirectos (viño) ocupa a maior parte da unidade debido á alta produtividade do solo neste punto da costa. Entre as parcelas, naqueles espazos menos aptos para as prácticas agrarias, aparecen monocultivos de especies forestais como o piñeiro e o eucalipto. Os asentamentos localízanse sobre todo na franxa occidental e a súa función é unicamente residencial posto que, na maior parte dos casos, están desvinculadas dos labores do campo. De menor importancia son os espazos ocupados por formacións vexetais atlánticas que se circunscriben ao estuario do Rego do Rial onde tamén aparece unha pequena zona de marismas.

#### MORFOLOXÍA

O parcelario caracterízase por un predominio do minifundio debido á alta densidade de poboación que dende antigo soportou esta zona. A intensa presión sobre o solo deriva nunha estrutura agraria caracterizada polo reducido tamaño das explotacións que aparecen unidas a outras sen límites artificiais, co que se debuxa unha paisaxe agraria aberta. Pola súa banda os núcleos de poboación presentan características dispares. Os asentamentos situados ao sur da unidade conservan a estrutura agrupada típica das aldeas (Galáns, Pedramogueira, Eiviñou, etc.) mentres que na parte norte, ao redor da C-550, as vivendas unifamiliares aparecen diseminadas.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal infraestrutura da unidade é a estrada da costa C-550, que precisamente fronte á enseada de Rial enlaza co viario de acceso á vía de altas prestacións VRG.4.3 (ligazón de Baión-Cambados), que discorre polo extremo oriental da unidade.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Cabe destacar o conxunto do Pazo do Rial, vinculado paisaxisticamente coa enseada e destinado na actualidade a uso hostaleiro. O Pazo de Rial foi declarado Ben de Interés Cultural según o Decreto 45 de 3 de febreiro de 1995.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A pesar da súa proximidade a Vilagarcía unidade conserva un carácter marcadamente rural derivado do uso tradicional que se lle deu dende antigo a estas ubérrimas terras. O Rego do Rial e o seu afluente actúan como elementos directores da unidade delimitando os espazos e os seus usos; no brazo esquerdo predominan os asentamentos, no interfluvio os monocultivos forestais e no brazo dereito domina o espazo agrícola. A maior densidade de edificacións congégase nas proximidades da C-550.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

A característica máis destacada na evolución desta paisaxe é a aparición dun grande número de vivendas dispersas polo norte da unidade, debido ao cambio no modelo económico, así como as novas infraestruturas viarias que subordinan en certo xeito esta zona de transición do Rial.

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN****VALORACIÓN DA PAISAXE**

Trátase dunha paisaxe periurbana influenciada pola proximidade á cidade de Vilagarcía, pero que en esencia segue conservando os valores característicos do rural galego. Mantense a estrutura tradicional nalgúns núcleos e a agricultura segue sendo un dos alicerces da economía da zona, feito que se referencia coa presenza dalgúns invernadoiros destinados a incrementar a produtividade do minifundio. Para a súa observación propomos o Alto de Renza. Fóra desta unidade propónse o miradoiro de Monte Lobeira como un punto de observación exemplar, por ofrecer amplas panorámicas da ría de Arousa e por axudar a comprender a paisaxe desde outra perspectiva e a outra escala.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



